

ACTA DE ESTUDO DE DOCUMENTACIÓN APORTADA POLO CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (FACTOR PREZO) DAS OBRAS DO PARQUE INFANTIL NO ENTORNO DA TRAVESÍA DO PORTO. MILLADOIRO-AMES. PAS CONVENIOS. ANUALIDADE 2015

Na Casa do Concello de Ames sendo as nove horas e trinta minutos do día dezaioito de xaneiro de dous mil dezasete, reúnese a Mesa de Contratación designada para a **CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (FACTOR PREZO) DAS OBRAS DO PARQUE INFANTIL NO ENTORNO DA TRAVESÍA DO PORTO. MILLADOIRO-AMES.**

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

Vogais:

- Dona Concepción Vilas Cantelar secretaria accidental da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

Secretario: Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Constitúe o obxecto da presente reunión proceder ao exame da documentación aportada pola empresa clasificada en primeiro lugar no procedemento arriba indicado, ao obxecto de comprobar que a mesma cumpre cos requisitos necesarios para propoñer ao órgano de contratación a adxudicación da devandita obra.

Con data 9 de decembro de 2016 a Xunta de Goberno Local aprobou a clasificación de ofertas e requirir a presentación do correspondente aval e demais documentación, como paso previo e necesario, para adxudicar a devandita obra.

Dito acordo foille notificado a todos os licitadores, que tomaron parte no procedemento aberto de contratación.

Con data 28 de decembro de 2016 a empresa clasificada en primeiro lugar, CETA CONTRATAS SL, presentou no rexistro xeral do Concello (rexistro de entrada nº. 13034) a documentación requirida para proceder á adxudicación definitiva.

A mesa de contratación analizada a documentación presentada polo clasificado en primeiro lugar, considera que cumpre cos requisitos (constitución de aval, pago de anuncios, solvencia económica e técnica, etc.) necesarios para que lle sexa adxudicada a devandita obra.

Á vista da documentación presentada a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes,

ACORDA:

Trasladar ó órgano de contratación a proposta de adxudicación das obras do **"PARQUE INFANTIL NO ENTORNO DA TRAVESÍA DO PORTO. MILLADOIRO-AMES."** á empresa CETA CONTRATAS SL, con CIF B-70342746, nas condicións establecidas no acordo de clasificación de ofertas e no resto de condicións ofertadas pola empresa licitadora.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as nove horas e corenta e cinco minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.



